

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE, CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA 13 DE OUTUBRO DE 2008.

ASISTENTES:

ALCALDE-PRESIDENTE:

D. José Demetrio Salgueiro Rapa

CONCELLEIROS:

D. José M. Balseiro Canoura

D^a. Ana María Abad López

D. José Manuel González Álvarez

D^a. M^a Dolores Meitín Guerreiro

D. Modesto Ben Fernández

D. Xesús Xosé Fernández Bouza

D. Secundino Vázquez Fra

D. Javier Fernández Basanta

D. Jesús Casabella Lage

D. Jaime Pernas Rodríguez

INTERVENTORA:

D^a Elena Santos Rey

Na Casa Consistorial do Concello de Xove, sendo as dezaioito horas e corenta e cinco minutos do día 13 de outubro de dous mil oito, baixo a presidencia do Sr. Alcalde-Presidente, D. José Demetrio Salgueiro Rapa, e coa asistencia dos señores Concelleiros á marxe relacionados e do Secretario D. Luís María Fernández del Olmo, procedeuse a celebra-la sesión extraordinaria e urxente, convocada para a hora e día da data.

Sendo a hora sinalada, polo Sr. Alcalde-Presidente, declarouse aberta a sesión, procedéndose ó debate e votación dos asuntos incluídos na orde do día.

1º.- PRONUNCIAMENTO DO PLENO SOBRE A URXENCIA DO ASUNTO INCLUÍDO NA ORDE DO DÍA.

De conformidade co disposto no Art. 79 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico,

por parte da Alcaldía, dáse conta das razóns da urxencia do asunto incluído na orde do día, contidas no Decreto de convocatoria

Polo Pleno Municipal, por unanimidade, en votación ordinaria acórdase a apreciación da urxencia do asunto incluído na orde do día da sesión.

2º.- PROPOSTA DE ALCALDÍA EN REFERENCIA Ó ESCRITO DO INSTITUTO GALEGO DE VIVENDA E SOLO, RELATIVO Ó INICIO DOS TRÁMITES PARA DEIXAR SIN EFECTO O PLAN SECTORIAL DE ORDENACIÓN DE ÁREAS EMPRESARIAIS NA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA.

PROPOSTA DE ALCALDÍA

Don JOSÉ DEMETRIO SALGUEIRO RAPA, Alcalde Presidente do Concello de Xove (Lugo) EXPÓN:

Visto que con data 31 de xullo o Consello da Xunta de Galicia acordou o inicio dos trámites para deixar sen efecto o Plan Sectorial de Ordenación de Áreas Empresariais na Comunidade Autónoma de Galicia aprobado polo anterior Executivo autonómico do Partido Popular o 27 de maio de 2004.

Visto que a resolución pola que se fai pública a declaración de inicio dos trámites para deixar sen efecto o devandito plan, foi publicada no Diario Oficial de Galicia número 152 con data 7 de agosto de 2008

Entendendo que a actuación que se pretende deixar sen efecto constitúe un ambicioso proxecto que tiña por obxecto levar adiante a construción, promoción e explotación daqueles parques industriais que se consideraban máis necesarios en atención a diversos factores, entre os que primarían as circunstancias socio económicas de cada bisbarra na que se situarían os futuros emprazamentos.

Visto que no ámbito do desenvolvemento do devandito Plan Sectorial que se pretende deixar sen efecto contemplase, de xeito expreso, a creación de varios parques empresariais e, entre eles, o denominado “Xove-Cervo”.

Visto este novo parque industrial Xove-Cervo establecía a reserva de 250.000 metros cadrados nos devanditos termos municipais para a posta en marcha do coñecido como cinto industrial do contorno de ALCOA

Entendendo que esta é unha infraestrutura de gran importancia xa non só pola influencia que este novo parque podería ter na implantación de novas empresas relacionadas coas actividades auxiliares da multinacional do aluminio, senón tamén pola enorme proxección que sen lugar a dúbidas levaría asociada a oferta de solo industrial nesta zona, e a consecuente creación de riqueza e novas oportunidades laborais para os veciños.

Visto que resulta perfectamente viable o proxecto de implantación dun parque empresarial no noso termo municipal destas características que disporía da capacidade de actuar como un imán á hora de achegar un importante volume de novos investimentos privados.

Visto ademais, que do análise do devandito estudo, dedúcese que o novo polígono industrial no contorno de ALCOA contribuiría a dinamizar e facer máis competitiva xa non só o noso concello, senón tamén o conxunto das comarcas da Mariña lucense e, polo tanto, que tería unha influencia positiva de carácter supramunicipal perfectamente constatable.

Visto tamén que o devandito polígono industrial caracterizaríase pola súa privilexiada situación estratéxica, pois o seu emprazamento o converte en punto central indispensable para as relacións comerciais da zona. Así como tamén, considerando a triplicidade da oferta de solo dispoñible neste polígono, con parcelas moito máis amplas e accesibles ás que caracterizan ao resto dos polígonos da Mariña lucense, capaces polo tanto de achegar empresas dunha maior proporción.

Entendendo ademais que este proxecto viría a complementar e potenciar os esforzos que se están a desenvolver desde distintas administracións, institucións e colectivos, co obxecto de promover a apertura ao tráfico xeral do porto comercial de San Ciprián que move anualmente dous millóns setecentas mil toneladas de mercadorías.

Entendendo que é doado comprender, que de progresar os múltiples esforzos que se están a desenvolver co obxecto de lograr a apertura deste porto, ou en todo caso, para favorecer este obxectivo, e condición indispensable complementar a devandita actuación cunha oferta de solo industrial próximo a esta infraestrutura.

Visto que non ten sentido dispoñer dun porto comercial sen ofrecer a capacidade de que, nas súas inmediacións podan asentarse empresas e, sen empresas dispostas a empregar este porto, non sería viable acometer un investimento destas características.

Subliñando tamén que segundo o devandito estudo de viabilidade, a importancia do futuro polígono industrial no contorno de ALCOA, emprazados nas localidades de Cervo e de Xove, dispón dunha substantividade propia. Con independencia doutros factores dispoñer nesta área dunha importante superficie de solo industrial contribuiría a xerar importantes beneficios e ofrece innumerables potencialidades.

Entendendo, en base ao exposto con anterioridade, que a decisión do actual Executivo autonómico lesiona gravemente os intereses dos concellos nos que estaba previsto emprazas o futuro parque e, de xeito especial, os do conxunto da Mariña lucense. E por todo iso que debemos reclamar unha maior responsabilidade do Goberno de Galicia que actuou con clara improvisación e falta de dilixencia, sen avaliar convenientemente as consecuencias deste prexudicial acordo.

E considerando, finalmente, que constitúe unha obriga desta Alcaldía e do Goberno municipal que presido, traballar na defensa dos intereses dos veciños de Xove, e desenvolver as xestións necesarias para promover que os actuais xestores autonómicos reconsideren a súa decisión. E polo que, elevo á Sesión Plenaria do Concello de Xove a seguinte

PROPOSTA:

Primeiro.- Instar á Xunta de Galicia a que deixe sen efecto o acordo do Consello do Goberno galego adoptado con data 31 de xullo de 2008, de tal xeito que se inclúa de novo o polígono industrial Xove-Cervo no Plan Sectorial de Áreas Empresariais na Comunidade Autónoma de Galicia.

Segundo.- Comunicar o devandito acordo plenario ó Presidente da Xunta de Galicia, á Consellería de Vivenda e Solo e ós grupos políticos con representación no Parlamento de Galicia.

É canto teño a ben propoñer ó Pleno da Corporación.

Aberto o debate, polo Sr. Alcalde explicase brevemente o contido da súa proposta, salientando que mais aló das boas palabras dalgúns membros do Goberno Autonómico, o único certo e que á data de hoxe, iniciouse o procedemento para deixar sen efecto o Plan de Ordenación das Areas Empresariais na Comunidade Autónoma de Galicia, no que se inclúe a actuación do parque empresarial de Xove-Cervo, tal e como se reflicte no anuncio de 27 de agosto de 2008, publicado no Diario Oficial de Galicia nº 185 de data 24 de setembro de 2008.

Na súa consecuencia, polo Sr. Alcalde manifestase que é necesario en defensa dos intereses municipais defende-la creación do Parque Empresarial Xove-Cervo prevista no citado Plan de Ordenación, que a Xunta de Galicia pretende deixar sen efecto.

Polo Sr. Pernas Rodríguez manifestase que o Grupo Municipal de AVEXO está totalmente de acordo coa proposta de alegación presentada, por considerar que o Parque Empresarial Cervo-Xove é fundamental para o desenvolvemento económico da comarca; salientando igualmente a incongruencia absoluta na que se está a mover o Goberno Autonómico, e moi especialmente o Bloque Nacionalista Galego, xa que non ten sentido ningún defender, dunha banda a apertura do dique norte de Alcoa para usos comerciais, e de outra banda e simultaneamente, deixar sen efecto a creación do parque Xove-Cervo, cúa finalidade era e é, precisamente a creación de solo industrial para a ubicación daquelas empresas interesadas en instalarse, unha vez lograda a apertura ó uso comercial do citado dique.

Polo Sr. Fernández Bouza manifestase que o BNG sempre estivo a favor, e loitou pola apertura do dique norte de Alcoa ó uso comercial, e nesa loita, tamén desde sempre o Partido Popular non fixo nada mais que poñer atrancos e obxeccións.

O feito de que a Xunta de Galicia iniciara os trámites para deixar sen efecto o Plan de Ordenación das Areas Empresariais na Comunidade Autónoma de Galicia, non significa en absoluto tal e como expresamente o ten manifestado os responsables da Consellería de Industria e do Instituto Galego de Vivenda e Solo, que non se vaia a crear solo industrial no cinturón de Alcoa.

Polo Sr. Bouza sinalase que é necesario ter en conta que na actualidade existe unha gran cantidade de solo industrial sen utilizar por parte de Alcoa.

Polo Sr. Fernández Bouza remata a súa intervención, sinalando que non obstante o sinalado anteriormente, e deixando constancia do mal estilo que reflicte a redacción da proposta, vai votar a favor da súa aprobación para que se deixe de utilizar de forma sectaria e partidista este asunto.

Polo Sr. Ben Fernández, manifestase que vai votar a favor da proposta, xa que considera que o Parque Empresarial Xove-Cervo, e absolutamente necesario, coa apertura ou sin ela ó uso

comercial de Alcoa, xa que moitas empresas auxiliares de Alcoa necesitan ubicarse nas cercanías da factoría.

Rematado o debate, o Concello Pleno, por unanimidade dos seus membros asistentes á sesión, acorda aproba-la moción de Alcaldía anteriormente transcrita.

E sen mais asuntos que tratar, sendo as dezaeito horas e cincuenta e oito minutos, levántase a sesión, estendéndose a acta presente, de todo o que como Secretario, dou fe.

O ALCALDE,

O SECRETARIO,

Asdo: José Demetrio Salgueiro Rapa

Asdo: Luís María Fernández del Olmo